



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



CONCELLO DE BOIRO

ADENDA CONVENIO 118/2018

ADENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIRO PARA FINANCIAR O PROXECTO “PROGRAMA DE FORMACIÓN- ACELERACIÓN EMPRENDE- LAB BARBANZA” NA ANUALIDADE 2018, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL 2016- 2019

A Coruña, 14 de decembro de 2020

ANTECEDENTES

Mediante Acordo Plenario ordinario celebrado o 30 de novembro de 2018 aprobouse o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE BOIRO PARA FINANCIAR O PROXECTO “PROGRAMA DE FORMACIÓN EMPRENDE-LAB BARBANZA”

O convenio formalizouse en documento público o 19 de decembro de 2018 co núm. 118/2018 e cun prazo para a realización de actividades ata o 31 de agosto de 2019 e vixencia ata o 30 de novembro de 2019.

Previa solicitude polo concello de Boiro, por Resolución da Presidencia núm. 2019/38979 de data 04/11/2019, aprobouse unha prórroga do prazo de execución das actividades do convenio ata o 30 de setembro de 2020 e do prazo de vixencia do mesmo ata o 31 de outubro de 2020.

Con data 13 de xullo de 2020, o concello de Boiro, presenta un novo escrito de solicitude de prórroga do prazo de execución das actividades do convenio ata o 31 de marzo de 2021 e do prazo de vixencia do mesmo ata o 30 de abril de 2021.

MODIFICAR as cláusulas VII **TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN** e XIII **VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**, do texto do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de **BOIRO** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o proxecto “*Programa de Formación Emprende- Lab Barbanza*”, no seguinte senso:

ONDE DÍ:

“...VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o **1 de xaneiro de 2019** e o **30 de setembro de 2020**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

2. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os gastos devengados dende a data de sinatura do convenio e ata o **30 de setembro de 2020** sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **31 de outubro de 2020** sempre e cando exista crédito para al fin.....”

DEBE DICIR:

“...VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o **1 de xaneiro de 2019** e o **31 de marzo de 2021**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Boiro deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os gastos devengados dende a data de sinatura do convenio e ata o **31 de marzo de 2021** sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **30 de abril de 2021** sempre e cando exista crédito para al fin.....”

Faise constar que a presente modificación do convenio foi aprobada por Acordo Plenario do día 30 de outubro de 2020

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado a presente modificación do convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O DEPUTADO DELEGADO DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA**

O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO

Asdo.: José Ramón Rioboo Castro

Asdo: José Ramón Romero García

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. José Luis Almu Supervía